



XUNT  
CONSEL



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR



Portos  
de Galicia

de Europa 10 A – 4º  
902 400 870 – Fax: 981 547 216  
portosdegalicia.com  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Portos  
de Galicia

Salida: 2016036289 Data: 22-11-2016 13:56  
Tipo: Otros documentos de salida

Solicitante:

Expediente: TBG 07/2016.

**ASUNTO:** Resolución sobre solicitude de acceso a situación de pagos de taxas de ocupación de dominio público e de actividades comerciais, industriais e de servizos nos portos das empresas

#### I.- ANTECEDENTES.

**Primeiro.-** Solicitudes de acceso.

1. 08.11.2016 as presentou no Rexistro Xeral da Xunta - Portelo Único, Rexistro do Concello de Betanzos con destino á Consellería da Xunta de Galicia catro solicitudes de información.

Ditas solicitudes foron derivadas a este ente público Portos de Galicia, adscrito á Consellería do Mar, sendo recibidas nesta Entidade todas elas o 10.11.2016.

2. Coa mesma data do 08.11.2016 presentou no Rexistro Xeral da Xunta - Portelo Único, Rexistro do Concello de Betanzos con destino á Presidencia da Xunta outras dúas solicitudes de información.

Estas outras solicitudes foron remitidas a este ente público Portos de Galicia, adscrito á Consellería do Mar, sendo recibidas nesta Entidade todas elas o 21.11.2016.

3. Aínda que as solicitudes non o fan constar entendemos que estas se realizan ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo e da Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, visto que se solicita que *se aporte a esta parte la información solicitada*.

**Segundo.-** O obxecto das solicitudes de información é que se lle aporte información sobre:

1. Solicitudes dirixidas á Consellería do Mar:

- a) Como usuario e profesional autónomo de mecánica náutica no porto deportivo de Sada, solicita si por parte das empresas 1) están ao corrente dos pagos do canon concesionario por ocupación de dominio público e da taxa CIS de actividades económicas. A solicitude de referencia presentase en papel e faise constar un domicilio a efectos de notificacións.

- b) Si por parte da empresa concesionaria 1), está ao corrente do pago da taxa CIS de actividades económicas; si está ao corrente do pago do canon concesionario por ocupación de dominio público; e si está ao corrente do pago da taxa X5.

2. Solicitudes dirixidas á Presidencia da Xunta:

- a) Como usuario e profesional, solicita si por parte da empresa concesionaria 1), está ao corrente do pago do canon concesionario por ocupación de dominio público;
- b) Como usuario e profesional solicita si por parte da empresa concesionaria 1), está ao corrente do pago da taxa X5.

galicia

Solicitante:

Expediente: TBG 07/2016. Resolución nov. 2016



Esta solicitud indica que *dicha petición se formula, puesto que la mercantil está repercutiendo en los usuarios dichas taxas, y esta parte tiene serias dudas e incluso sospechas, si dichos ingresos son entregados a Puertos. De ser así, ruego se indique la manera de como dicha concesionaria realiza el cómputo real de cuales embarcaciones se encuentran a flote y cuales no, para el cálculo real de la citada taxa.*

**Terceiro.-** A partir da referida data de 10.11.2016, empeza a contar o prazo dun mes para súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, sen prexuízo das solicitudes recibidas posteriormente desde Presidencia da Xunta de Galicia.

**Cuarto.-** dende o ano 2014 ven prantexando queixas, denuncias e peticións de información en relación as concesións demaniais e servizos do porto de Sada, en especial en relación ás náuticas deportivas, diante da Consellería do Mar, de Portos de Galicia e mesmo da Subdelegación do Goberno en Coruña.

**Quinto.-** Das actuacións practicadas nestes caso, inferíse sen dúbida algúna que tras estas queixas, denuncias e peticións hai unha cuestión esencial cal é a competencia empresarial que , en canto mecánico náutico, en réxime de autonómico mantén dentro do porto de Sada co resto de empresarios que prestan servizos de mecánica na zona portuaria de Sada. A cuestión última é que se adica profesionalmente á traballo de reparación de barcos en clara competencia con outros operadores dese mercado que ostentan concesións demaniais portuarias.

## **II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** Acumulación de solicitudes.

Existindo identidade de suxeito solicitante; identidade na natureza dos datos solicitados; e identidade do ámbito de actuación (porto de Sada) e situación xurídica dos titulares dos datos (concesionarias do porto de Sada), entendemos que procede a acumulación das solicitudes e a súa tramitación e resolución conxunta.

**Segundo.-** Marco normativo xeral.

*A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro reconoce no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida, como "os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluidos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións".*

O preámbulo da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que a persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información, no seu artigo 26.4.

Non en tanto, o exercicio deste dereito de acceso a información pública ten limitacións no seu exercicio e así a Lei 19/2013, do 9 de decembro, prevé nos artigos 14 e 15 uns límites ao dereito ao acceso, por razón da materia e por mor da protección dos datos de carácter persoal. Todas as solicitudes, que non entren dentro destes límites deberán ser atendidas, agás que existan limitacións e así se xustifiquen debidamente co chamado test de danos, ou algunha das causas de non admisión do artigo 18 desta lei.

En definitiva, en principio, a lexislación aplicable ao dereito de acceso a información pública ven configurada pola Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo governo, de carácter básico, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo á que se remiten as anteriores e a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

**Terceiro.-** Marco normativo especial. Regulacións especiais de dereito de acceso.

Sen prexuízo do sinalado no apartado anterior, a Disp. Adicional Primeira, apartado 2 da dita Lei 19/2013, establece que:

1. *La normativa reguladora del correspondiente procedimiento administrativo será la aplicable al acceso por parte de quienes tengan la condición de interesados en un procedimiento administrativo en curso a los Ley de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno documentos que se integren en el mismo.*
2. *Se regirán por su normativa específica, y por esta Ley con carácter supletorio, aquellas materias que tengan previsto un régimen jurídico específico de acceso a la información.*
3. *En este sentido, esta Ley será de aplicación, en lo no previsto en sus respectivas normas reguladoras, al acceso a la información ambiental y a la destinada a la reutilización.*

Aplicando esta disposición adicional conforme ao Criterio Interpretativo CI/008/2015 da Comisión de Transparencia e Bo Goberno da Administración Xeral do Estado, e en consideración ao obxecto de petición neste caso, o cal versa sobre o abono dunha taxa que como prestación patrimonial de carácter público coactiva goza da natureza xurídica de tributo, entendemos que esta solicitude afecta ao dereito de acceso a información en materia tributaria, que se regula pola súa normativa específica, a Lei Xeral Tributaria 58/2003 do 17 decembro.

Polo tanto, o sentido da resolución que deba darse á petición de acceso ten un contido xurídico, cal é a aplicación do artigo 95 da LXT en relación coa Lei 19/2013.

O Tribunal Constitucional considera que o carácter reservado e confidencial da información tributaria se fundamenta no dereito á intimidade do artigo 18.1 da CE e no dereito á protección de datos de carácter persoal do artigo 18.4 da CE. Estedereito fundamental á reserva da información tributaria ten un carácter limitado, admitíndose a configuración legal de excepcións baixo principios de proporcionalidade e garantías de uso axeitado.

Así a dita Lei Xeral Tributaria no seu artigo 95.1, baixo o título de *Carácter reservado dos datos de transcendencia tributaria* dispón que os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración tributaria no desempeño das súas funcións teñen carácter reservado e só poderán ser utilizados para a efectiva aplicación dos tributos ou recursos cuxa xestión teña encomendada e para a imposición das sancións que procedan, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros; nos apartados que seguen enumera en lista pechada os supostos de excepción desta obriga en relación á colaboración con outras Administracións, sen habilitar estas excepcións a comunicación de datos a terceiros particulares.

3

Por outra parte como criterio integrador das limitacións do acceso a información pública tributaria, aquí do acceso a situacións de cumprimento ou incumprimento tributario en relación á Facenda Autonómica cabe considerar o artigo 95 bis da dita Lei 58/2003, relativo á publicidade de situacións de incumprimento relevante de obrigas tributarias, no senso de significar que tales situacións solo se fan públicas respecto de supostos cualificados e previa audiencia dos afectados; o cal nos leva a conclusión de que a limitación de acceso a información tributaria está reforzada considerando en sentido contrario as prescripcións do dito artigo 95 bis.

Neste senso, o preámbulo da Lei 34/2015, de 21 de setembro, de reforma parcial da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que mediante o seu artigo Único 18 engadiu este artigo 95 bis de publicación periódica de listados comprensivos de debedores á Facenda Pública por débedas ou sancións tributarias, expresa que a medida é totalmente respectuosa coa reserva de datos tributarios e, por tanto, cos principios nos que esta se fundamenta, non debendo esquecer a influencia que nesta materia ten o de protección do dereito á intimidade e a necesidade de potenciar o de eficacia do sistema tributario, todos eles conxugados na medida en que só serán obxecto de publicidade aquelas conductas tributarias socialmente reprobables desde unha óptica cuantitativa relevante, permitindo o lexislador só a difusión daquelas conductas que xeran un maior prexuízo económico para a Facenda Pública que traen causa da falta de pago nos prazos orixinarios de ingreso en perfodo voluntario establecidos na Lei en atención á distinta tipoloxía das débedas.

Exponse todo esto en orde a explicitar a regulación especialmente tasada en lista pechada das excepcións ao especial carácter reservado dos datos tributarios cando colisiona ou interactúa cos principios de transparencia e acceso a información pública.

Por outra parte as solicitudes inciden sobre os límites do dereito de acceso establecidos no artigo 14.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, en canto solicita datos que afectan a funcións administrativas de vixilancia, inspección e control tributario da exacción de taxas portuarias e derivadamente incide sobre posibles accións de investigación e sanción de infraccións administrativas.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR

Praza de Europa 10 A – 4º  
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 547 216  
www.portosdegalicia.com  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Neste sentido estimamos tamén de aplicación o artigo 20.3 da mesma Lei 19/2013 (cando a mera indicación da existencia ou non de información –neste caso de cumprimento ou incumprimento-, supuxera a vulneración dos límites de acceso se indicará esta circunstancia ao desestimarse a solicitude), de xeito que Portos de Galicia non pode afirmar nin negar si as empresas indicadas están cumplindo ou non co abono das taxas portuarias.

**Cuarto.-** Coñecendo que tanto a lei estatal como a lei galega (está aínda máis intensamente) en materia de transparencia configuran un dereito amplio e extenso de acceso á información pública, o que conleva a unha interpretación restritiva das excepcións e limitacións deste dereito de acceso a información pública, resulta tamén que tal dereito de acceso non é absoluto e que debe harmonizarse coa protección doutros dereitos de natureza preferente como é a intimidade persoal en materia tributaria; materia na que rexe o carácter reservado dos datos por imperativo do artigo 95.1 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 do 17 decembro e que fundamenta que a solicitude de acceso á información solicitada non poida ser acollida.

**Conclusión.-** Xa que logo, neste caso vistos os antecedentes e fundamentos xurídicos anteriores, conforme á proposta de resolución emitida polo xefe da S<sup>a</sup>. Xeral - Asesoría Xurídica de Portos de Galicia, esta Presidencia de Portos de Galicia, en canto órgano competente dita a seguinte

**RESOLUCION:**

Denegar o acceso de \_\_\_\_\_ á información de:

- a) Si por parte das empresas
  - (\_\_\_\_\_ 1) están ao corrente dos pagos do canon concesionario por ocupación de dominio público e da taxa CIS de actividades económicas.
- b) Si por parte da empresa concesionaria
  - está ao corrente do pago da taxa CIS de actividades económicas; si está ao corrente do pago do canon concesionario por ocupación de dominio público; e si está ao corrente do pago da taxa X5.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos, o prazo contarse desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela a 22 NOV. 2016

O PRESIDENTE:  
-José Juan Durán Hermida-  
PRESIDENTE  
CONSELLERÍA DO MAR